



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE ASTORGA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declara:

Que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, formalizou coa Diocese de Astorga, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o remate das obras obxecto do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Astorga para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Correspóndelle á Comunidade Autónoma, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27.18º) e a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia. Esta competencia está, asemade, contemplada e desenvolvida na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio Cultural da nosa Comunidade Autónoma.

A Igrexa Católica e á titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental, que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

A Diocese de Astorga ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas disposicións económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

